

FAMILIA

INCLUSIÓN SOCIAL

MAIORES E PERSOAS
CON DEPENDENCIA

XUVENTUDE E
VOLUNTARIADO

PROTOCOLO CORONAVIRUS



PLAN SOCIAL DE CONTINXENCIA



ACTUALIDADE

- Editorial
- Feijóo destaca un paquete extraordinario de medidas de conciliación para, cun investimento de 40 millóns de euros, atender as necesidades que rexorden coa desescalada
- A Xunta presenta aos axentes sociais o paquete de medidas extraordinarias de conciliación para a infancia e a dependencia
- A Xunta pon en marcha o terceiro bloque do Plan de recuperación social que destinará 23 millóns de euros para a mellora e actualización de centros de servizos sociais
- A Xunta colabora coa Cruz Vermella para poñer á disposición das familias con dificultades económicas a tarxeta básica, que poderá tramitarse a partir do 1 de xullo
- Feijóo avanza o primeiro bloque de medidas do Plan de recuperación social, cunha achega de 38 millóns de euros para os fogares máis vulnerables
- A Xunta avalía coas entidades de inclusión as primeiras medidas do Plan social poscovid para atender as necesidades máis urxentes dos fogares vulnerables
- A Xunta autoriza os centros de día a prestar atención terapéutica individual con cita previa aos seus usuarios
- A Xunta avanza un apoio de máis de 16 millóns de euros para as familias usuarias de centros de día
- O Goberno central acepta as alegacións da Xunta e modifica a proposta de distribución dos fondos do 0,7% do IRPF
- Abre o prazo de inscrición nos campamentos de verán da Xunta que contarán cun total de 6.872 prazas
- Abre o prazo de inscrición nos 29 campos de voluntariado que oferta a Xunta de Galicia este verán
- Días internacionais.

ESTATÍSTICAS

- Situación de Covid-19 en España e Galicia

ALERTAS

- Alertas bibliográficas.
- Institucións
- Redes sociais: blogs.
- Congresos, xornadas e cursos.

PUBLICACIÓNS

- Catálogo de publicacións na web

NORMATIVA

- Diario Oficial de Galicia
- Comunidades Autónomas
- Boletín Oficial do Estado
- Diario Oficial da Unión Europea

Parte da información é tomada do Portal Xunta.gal, susceptible de reutilización.



© Xunta de Galicia. 2020. BdB. Boletín de
Bienestar, 2020

Edita:

Consellería de Política Social, Secretaría Xeral Técnica, Subdirección Xeral de Coordinación Administrativa, Sección de Publicacións e Estatísticas

<https://biblioteca.xunta.gal/gb/bdb-boletin-de-bienestar-boletin-informativo-de-politica-social-no-26-maio-xuño-2020>

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución. Compartirla igual 4.0 España de Creative Commons. Para ver unha copia de licenza, visite:
https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.es_ES

Coordinación: Pepa Dabán Royo.
Maquetación: Antonio Lameiro Ces.
ISSN: 2445-1932

Actualidade

Editorial

O impacto socioeconómico da crise ocasionada pola Covid 19 vai resultar difícil para as persoas, os fogares e as empresas se non se responde con políticas públicas ambiciosas.

É, por tanto, función do público crear un marco legal que garanta protección e seguridade a toda a cidadanía, especialmente a aquela máis vulnerable e que non pode beneficiarse de ningún xeito de protección social.

Para o redeseño dun pacto social eficiente é importante ter en conta 3 factores fundamentais.

1. A incorporación do benestar como obxectivo principal das políticas públicas avanzando cara a sistemas de protección social fortes e duradeiros.
2. Mobilizar recursos para fomentar o desenvolvemento inclusivo
3. A definición de estratexias de desenvolvemento sustentable coa participación de todos os actores.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social e consciente da importancia que teñen estes factores para a recuperación da poboación galega máis vulnerable, adopta medidas conducentes a conseguir esa sociedade inclusiva que nos inclúe a todos no proxecto común da recuperación.

Feijóo destaca un paquete extraordinario de medidas de conciliación para, cun investimento de 40 millóns de euros, atender as necesidades que rexorden coa desescalada

- ▶ **As familias con nenos de ata 12 anos contarán cunha axuda de 500 euros ao mes e estará vixente mentres estean pechados os centros, podéndose aplicar con efectos retroactivos desde a declaración da emerxencia sanitaria**
- ▶ **Avanza a reactivación dos campamentos de verán**
- ▶ **O Bono Coidado extraordinario para a dependencia contará cun investimento de 11 millóns de euros para a atención ás persoas maiores e con discapacidade que acudían a un centro de día ou ocupacional**
- ▶ **As escolas infantís privadas poderán contar cunha liña de axudas extraordinaria cun orzamento de 6 millóns de euros e os centros de día privados dunha orde de axudas cunha achega de 4 millóns de euros**

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2020.- O presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, explicou na rolda de prensa do Consello un paquete extraordinario de medidas de conciliación para, cun investimento de 40 millóns de euros, atender as necesidades que rexorden coa desescalada.

Feijóo explicou que se trata dun Bono Coidado extraordinario para a infancia, para que aquelas familias nas que os proxenitores traballan poidan conciliar; dun Bono Coidado extraordinario para aqueles maiores e dependentes que acudían a centros de día; da reactivación dos campamentos de verán a partir de mediados de xullo; e dunha orde de axudas

para escolas infantís e centros de día, co obxectivo de facer fronte aos seus custos fixos durante a suspensión da actividade.

Subliñou que este paquete de medidas coincide coa decisión de que “as escolas infantís, os centros de día e ocupacionais da Comunidade non retomen a súa actividade ata o curso que vén”, dada a imposibilidade de garantir a distancia física necesaria. Unha decisión adoptada despois de escoitar a comunidade médica e os representantes dos centros de día e das escolas infantís, tanto públicas como privadas, e as entidades de discapacidade.

Ao longo da súa intervención, Feijóo salientou que este paquete extraordinario conta con catro



O presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo na rolda de prensa do Consello

grupos de beneficiarios: as familias con nenos de ata 12 anos; os rapaces de entre 8 e 18 anos; as persoas maiores ou con discapacidade que eran usuarias dun centro de día ou ocupacional; e as empresas que xestionan escolas infantís, espazos infantís, ludotecas e centros de día privados.

Así, para as familias con nenos de ata 12 anos, Feijóo subliñou que o Bono Coidado extraordinario para a infancia, dotado cun investimento total de 18 millóns, contará cunha axuda de 500 euros ao mes e estará vixente mentres estean pechados os centros, podéndose aplicar

con efectos retroactivos desde a declaración da emerxencia sanitaria, o pasado 13 de marzo.

As condicións son que os proxenitores traballen fóra da casa, que os ingresos da familia non superen os 806 euros netos ao mes por membro e que os servizos de atención a domicilio se contratasen despois de declaración de emerxencia sanitaria.

O presidente da Xunta avanzou tamén a reactivación dos campamentos de verán. "Entendemos que a mediados de xullo poderemos abrir eses albergues cunha serie de medidas e protocolos para intentar tamén a

conciliación durante as vacacións a esas familias que teñan fillos de entre 8 e 18 anos", explicou.

Atención a dependentes

Para as persoas maiores e con discapacidade que acudían a un centro de día ou ocupacional, Feijóo resaltou a posta á súa disposición dun Bono Coidado extraordinario para a dependencia, cun investimento de 11 millóns de euros e dotado igualmente con 500 euros ao mes, para cubrir a atención que se contratase desde a declaración da emerxencia sanitaria ata que reabran os centros.

Así mesmo, e para aquelas persoas dependentes que necesitan de atención terapéutica, o titular da Xunta destacou a creación dunha liña de axudas específica dotada con 1 millón de euros, co obxectivo de colaborar no pagamento de sesións de terapias de estimulación e rehabilitación.

En relación ás empresas que atendían a todas estas familias no ámbito da infancia e das persoas maiores, Feijóo subliñou que as escolas infantís privadas poderán contar cunha liña de axudas extraordinaria cun orzamento de 6 millóns de euros, vinculada

a que se acollesen á gratuidade para segundos fillos e sucesivos. Ademais, os centros de día privados accederán a unha orde de axudas para facer fronte aos seus custos fixos durante a suspensión da actividade, cunha achega de 4 millóns de euros.

O presidente da Xunta incidiu en que se trata "dun paquete extraordinario ante unha situación extraordinaria para unha conciliación familiar nun momento de extraordinaria dificultade" e será trasladado á Mesa de Diálogo Social para a súa análise e aprobación definitiva.

A Xunta presenta aos axentes sociais o paquete de medidas extraordinarias de conciliación para a infancia e a dependencia

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2020.- A Xunta presentou aos axentes sociais o paquete de medidas extraordinarias de atención á infancia e á dependencia posto en marcha polo Goberno galego para axudar á conciliación das familias no novo escenario creado pola covid-19. Foi nunha reunión por videoconferencia da Mesa de Diálogo Social á que asistiron a conselleira de Política Social, Fabiola García, e o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde.

A conselleira de Política Social sinalou que a volta á normalidade fai preciso que as familias conten cos servizos de conciliación previos á situación de emerxencia sanitaria, sempre atendendo as medidas de seguridade. Por este motivo, concretou, o Goberno galego impulsou unha batería de medidas que buscan ofrecer unha alternativa aos coidados que se ofrecían anteriormente nos centros de servizos sociais.

Neste sentido, Fabiola García detallou que esta batería de medidas, dotada con 40 millóns

de euros, axudará as familias con fillos pequenos ou persoas maiores ou con discapacidade a cargo, así como a pequenas e medianas empresas que prestan estes servizos de conciliación e que tamén se viron afectadas polas consecuencias da crise sanitaria e o cesamento de actividade desde o pasado mes de marzo.

Axudas á infancia, á dependencia e ao sector

Entre as medidas presentadas atópase un Bono Coidado extraordinario para a infancia, dotado con 500 euros ao mes, que permitirá ás familias con fillos de ata 12 anos pagar os servizos dun coidador ou empresa desde a segunda quincena de marzo ata o 31 de agosto. Os pais deben ter unha renda inferior aos 806 euros mensuais netos por unidade familiar, cun plus para as familias monoparentais ou cun só fillo. Así mesmo, tamén se porán en marcha a partir da segunda quincena do mes de xullo campamentos de verán para nenas e nenos de entre 8 e 18 anos.

No ámbito da atención á dependencia, o Goberno galego

- ▶ **Fabiola García sinala que a volta á normalidade fai preciso devolver os servizos de conciliación ás familias atendendo as medidas de seguridade**
- ▶ **Entre as medidas contéplase un Bono Coidado Extraordinario para a infancia e a dependencia, dotado de 500 euros ao mes, para que as familias contraten unha persoa ou empresa que realice os coidados**
- ▶ **Tamén se propón axudar ás escolas infantís e centros de día a pagar os custos fixos das súas instalacións durante o cese da actividade.**



A conselleira de Política Social e o conselleiro de Economía, Emprego e Industria participaron por videoconferencia na Mesa de Diálogo Social

recolle un Bono Coidado extraordinario para pagar servizos dunha persoa coidadora a domicilio, ben sexa directamente ou a través

dunha empresa, tamén por un importe de 500 euros ao mes. Neste

sigue na páxina seguinte

Actualidade



A conselleira de Política Social e o conselleiro de Economía, Emprego e Industria participaron por videoconferencia na Mesa de Diálogo Social

caso, a axuda está enfocada a persoas maiores ou con discapacidade usuarias dos centros de día ou ocupacionais, sen límite de renda. Paralelamente, tamén se impulsa

unha liña de axudas para a atención terapéutica individual, dotada de 1 millón de euros para colaborar no pagamento de terapias de estimulación e rehabilitación.

Por outra parte, a Xunta propón unha serie de axudas a escolas infantís e centros para que poidan facer fronte aos custos fixos das súas instalacións

durante este tempo de cesamento de actividade. No caso das escolas infantís esta axuda irá condicionada a que os centros se acollan á gratuidade para segundos fillos e sucesivos.

Así mesmo, desde a Consellería de Economía, Emprego e Industria estase reforzando a aposta tanto pola conciliación, como polo teletraballo, a dixitalización e a formación para compatibilizar a rendibilidade e a competitividade das empresas coas novas condicións de produción e traballo.

Neste sentido, destaca o Plan de dixitalización do comercio, dos autónomos e das pemes co que se mobilizarán 40M€ para a transformación dixital de pequenas e medianas empresas, facilitar o teletraballo, impulsar a dixitalización no rural e na economía social, fomentar a internacionalización dixital ou modernizar o comercio de proximidade.

<https://ceei.xunta.gal/coronavirus/axudas-economicas>



Documentos relacionados:

- O Bono coidado extraordinario da Xunta tamén cubrirá as excedencias e as reducións de xornada por coidados a fillos, a maiores ou persoas con discapacidade

<https://www.xunta.gal/notas-de-prensa/-/nova/49642/bono-coidado-extraordinario-xunta-tamen-cubrira-excedencias-reduccion-xornada>
- Axudas económicas ás familias de persoas usuarias de centros de atención diúrna de persoas maiores e con discapacidade durante a situación de suspensión deste servizo como consecuencia do Covid-19, a través do Bono Coidado Extraordinario á dependencia

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=BS900B>
- Axudas as familias con nenas e nenos de ata 12 anos para a conciliación na situación xerada pola covid-19 a través do programa Bono Coidado Extraordinario.

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=BS900C>
- Axudas para o pagamento do alugueiro

<http://igvs.xunta.gal/web/actuamos/944>

A Xunta pon en marcha o terceiro bloque do Plan de recuperación social que destinará 23 millóns de euros para a mellora e actualización de centros de servizos sociais

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2020- O presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, destacou a posta en marcha do terceiro e último bloque do Plan de recuperación social, que destinará 23 millóns de euros para a mellora e actualización de centros de servizos sociais.

Durante a rolda de prensa do Consello, Feijóo explica que dentro deste bloque inclúense tres tipos distintos de actuacións: pequenas actuacións de reparación e mellora, por 1,8 millóns de euros; actuacións de mediana envergadura, por

un importe de máis de 2,4 millóns de euros; e obras de rehabilitación e reforma integral dos centros, que suman o groso deste paquete, con máis de 18,6 millóns.

"As obras menores englobarán arranxos de instalacións eléctricas, de fontanería, pintura, entre outros", dixo, precisando que, durante as vindeiras semanas, se desenvolverán nas instalacións que acollerán campamentos xuvenís, para poder adaptalas aos novos requisitos xurdidos da situación sanitaria. Así mesmo, nos meses de verán tamén se

intensificarán as obras menores nas escolas infantís e residencias de maiores.

O segundo segmento de obras agrupará actuacións nas residencias de maiores, concretamente nas de Volta do Castro (Santiago), Oleiros, Carballo e Concepción Arenal (A Coruña).

No tocante ao terceiro paquete de obras, Feijóo precisou que englobará os centros que precisan unha reforma total ou parcial das súas instalacións, como a substitución da fachada ou da cuberta dos edificios.

Realizaranse obras no centro de discapacidade da Coruña; nas residencias de maiores Porta do Camiño (en Santiago), da Pobra do Caramiñal e de Ferrol; nos centros de menores de Ferrol e San José de Calasanz da Coruña; no centro de discapacidade de Sarria; na residencia de maiores de Burela; nas residencias de maiores dos Milagres (en Barbadás) e Castro Caldelas; no centro de menores de Montealegre, en Ourense cidade; a reforma integral da residencia de maiores de Campolongo; e na residencia xuvenil Altamar, en Vigo.

A Xunta colabora coa Cruz Vermella para poñer á disposición das familias con dificultades económicas a tarxeta básica, que poderá tramitarse a partir do 1 de xullo

- ▶ **As familias poderán solicitala a través dos servizos sociais dos concellos ou ben a través da Cruz Vermella e recibirana nun prazo máximo de 72 horas, co fin de que poidan dispoñer dela canto antes e recuperarse así das consecuencias xeradas pola emerxencia sanitaria da covid-19**
- ▶ **Terá unha duración inicial de tres meses e a súa contía oscilará, en función do número de persoas da unidade familiar, entre os 450 e os 900 euros trimestrais**
- ▶ **Esta iniciativa busca non estigmatizar as persoas que reciben axudas sociais, ao permitir aos cidadáns beneficiarse desta prestación de maneira anónima**

A Coruña, 30 de xuño de 2020.- A Xunta de Galicia asinou o convenio de colaboración con Cruz Vermella para a posta en marcha da tarxeta básica, que permitirá as familias con poucos ingresos comprar produtos de alimentación, hixiene e farmacia e que comezará a tramitarse a partir do 1 de xullo. Na sinatura deste acordo participaron a conselleira de Política Social, Fabiola García, e a presidenta desta entidade en Galicia, Carmen Colmeiro.

Sobre a tramitación desta nova tarxeta básica, a conselleira

trasladou que se poderá realizar ben a través dos servizos sociais dos concellos ou ben a través de Cruz Vermella. Será un trámite sinxelo en puntos próximos aos cidadáns, o que permitirá, concretamente, que os posibles beneficiarios poidan recibir a tarxeta no prazo máximo de 72 horas. O obxectivo fundamental, aseverou, é que as galegas e galegos con dificultades poidan facer uso desta axuda no menor tempo posible e recuperarse así das consecuencias socioeconómicas xeradas pola emerxencia sanitaria da Covid-19.



A conselleira de Política Social, Fabiola García, participou na sinatura do convenio xunto coa presidenta desta entidade en Galicia, Carmen Colmeiro

Lembrou tamén que esta tarxeta terá unha duración inicial de tres meses e que se recargará automaticamente, mes a mes, cunha contía trimestral de 450 euros para unha familia dunha persoa, 600 euros para unha familia de dúas persoas e 900 euros para familias de tres ou máis persoas.

Fabiola García agradeceu á Cruz Vermella a súa disposición e vontade de axudar sempre as persoas que máis o precisan e

destacou que a súa longa traxectoria e experiencia a nivel nacional a converte na entidade idónea para a posta en marcha desta iniciativa. Así mesmo, puxo en valor unha das principais características desta tarxeta, isto é, que non estigmatiza as persoas que reciben axudas sociais. Neste sentido, apuntou que permite aos cidadáns con dificultades económicas beneficiarse das prestacións de maneira anónima.

Actualidade

Feijóo avanza o primeiro bloque de medidas do Plan de recuperación social, cunha achega de 38 millóns de euros para os fogares máis vulnerables



O presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo na rolda de prensa do Consello

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2020- O presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, destacou a probación do primeiro bloque de medidas do Plan de recuperación social, cunha achega de 38 millóns de euros para os fogares máis vulnerables a partir da próxima semana.

Durante a rolda de prensa do Consello, Feijóo subliñou que este primeiro bloque está formado por sete medidas. A primeira delas, o lanzamento dunha tarxeta moedeiro coa que preto de 30.000 familias, que carecen de emprego ou ingresos fixos e que non accederon aínda a unha renda social, poderán adquirir produtos de primeira necesidade, tanto de alimentación como de hixiene e farmacia.

As tarxetas serán recargables e a súa contía aboarase en tres cotas -unha ao mes- e o

seu importe total dependerá do número de membros da unidade familiar: 450 euros para as persoas que viven soas; 600 euros para familias de dous membros; e 900 euros para familias de tres ou máis membros.

Logo de subliñar que para a xestión desta tarxeta a Xunta contará coa colaboración da Cruz Vermella, o responsable do Executivo galego asegurou que o obxectivo é que as axudas sexan inmediatas, e que non pasen máis de tres días entre que a persoa solicita a tarxeta no seu Concello e que a recibe.

Como segunda medida, Feijóo referiuse ao menú solidario, unha iniciativa destinada a 20.000 persoas, ás que se lles cofinanciará o menú nos establecementos hostaleiros da comunidade autónoma, e que se articulará tamén a través dunha tarxeta moedeiro, que irá precargada con

30 menús, chegando deste xeito a financiarse un total de 600.000 menús solidarios.

Cómpre salientar que os establecementos que se adhiran a esta medida se comprometen a ofrecer un menú do día a un prezo fixado de 8 euros, dos que a Xunta financiará 5 euros e o beneficiario 3. Esta iniciativa estará destinada ás persoas con ingresos mensuais inferiores a 710 euros (un adulto); a 1066 euros (dous adultos); ou a 1492 euros (tres ou máis adultos).

En terceiro lugar, Feijóo subliñou que o Plan de recuperación social recolle ademais a extensión do xantar na casa a 2.000 persoas, un 40% máis das que o recibían antes da emerxencia sanitaria -1.440 persoas-.


Segundo explicou o presidente da Xunta, con este plan estenderase tamén ata final deste ano outra das medidas extraordinarias postas en marcha durante a pandemia: o Servizo de Axuda no Fogar, cun incremento do 50%. "Neste momento percibían 24.000 persoas e agora o poderán percibir 12.500 persoas máis, co obxectivo de axudar cun coidador a todos aqueles que precisan

atención domiciliar e que suporá 500.000 horas de coidado nos propios domicilios e a creación de 300 postos de traballo", aseverou.

En quinto lugar, resaltou o incremento nun 50% da partida orzamentaria destinada ás axudas de inclusión social, de 3 a 4,5 millóns de euros anuais, e que chegará a 1.100 persoas máis cada ano, para gastos de alimentación, roupa, gafas, dentista, próteses ou calquera outra dificultade sobrevida das familias. "E tamén melloraremos a tramitación da Risga e as pensións non contributivas, mediante técnicas encamiñadas a axudar coa máxima axilidade a que se poidan cobrar de forma inmediata", engadiu.

Por último, o Plan de recuperación social incorporará unha orde especial de axudas para as entidades de iniciativa social, que "fixeron un esforzo extraordinario", cun apoio de 1,5 millóns de euros: os albergues; cociñas económicas e comedores sociais; centros de atención social continuada; centros de acollida; e centros de inclusión, nos que se ofrecen servizos de hixiene ou calor e café.

<https://politicassocial.xunta.gal/>



A Xunta avalía coas entidades de inclusión as primeiras medidas do plan social poscovid para atender as necesidades máis urxentes dos fogares vulnerables

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2020.-O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, e a conselleira de Política Social, Fabiola García, mantiveron unha reunión con 27 representantes de entidades de inclusión social da comunidade, para avaliar as primeiras medidas do Plan social poscovid. O obxectivo é atender as necesidades máis urxentes dos fogares vulnerables e complementar o labor do tecido social galego.

Feijóo agradeceu o labor que están a desenvolver todas estas entidades nun contexto sen precedentes, e nun momento no que máis se lles necesita. O presidente destacou a súa sensibilidade, a eficacia e a fortaleza. "Sensibilidade, porque souberon comprender á perfección as necesidades dos máis débiles; e eficacia e fortaleza porque, durante estes meses, foron quen de seguir traballando a porta pechada, atendendo as persoas que o necesitan", resaltou.

O responsable do Goberno galego tamén aseverou que o exemplo destas entidades alenta ás administracións a deseñar políticas útiles para a cidadanía na loita contra a pobreza. Así, nos peores momentos da emerxencia sanitaria, a Administración autonómica centrou os seus esforzos en axudar estas entidades a manterse economicamente, en apoiar as familias con menores ingresos e en prestar coidados a domicilio ás persoas que o precisan.

Pola súa banda, a presidenta autonómica da Cruz Roja Española, Carmen Colmeiro, incidiu na importancia do traballo conxunto: "Estamos traballando todos con ilusión e conxuntamente coa Administración autonómica. Todos unidos para axudar ao maior número de xente posible que nos necesita", aseverou.

- ▶ Durante estes meses o Goberno galego reforzou o seu apoio ao tecido social para garantir a súa actividade, axudar as familias con menores ingresos e prestar coidados a domicilio ás persoas que o precisan



O presidente da Xunta agradeceu o labor destas entidades que, "durante estes meses, foron quen de seguir traballando a porta pechada, atendendo as persoas que o necesitan"

Documentos relacionados:

- ▶ Orde do 26 de xuño de 2020 pola que se modifica a Orde do 13 de xuño de 2018 pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para a promoción de actuacións de servizos sociais comunitarios e inclusión social e se procede á súa convocatoria para os anos 2018, 2019 e 2020 (cofinanciada parcialmente polo Fondo Social Europeo e polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco dos programas operativos FSE Galicia 2014-2020 e Feder Galicia 2014-2020). (DOG nº 127, do 29.06.2020).

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20200629/AnuncioG0425-250620-0004_gl.pdf

A Xunta autoriza aos centros de día a prestar atención terapéutica individual con cita previa os seus usuarios

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2020. A Xunta de Galicia autoriza os centros de día a prestar atención terapéutica individual con cita previa aos seus usuarios, garantindo sempre todas as medidas de seguridade e hixiene necesarias. Así llo trasladaron aos representantes das principais federacións de entidades de discapacidade, o Cermei-Galicia, o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, e a conselleira de Política Social, Fabiola García.

Na xuntanza incidíuse en que a Administración autonómica quere ser prudente en canto á

apertura dos centros de día, pero tamén procura dar unha resposta ás necesidades que poidan ter as persoas maiores ou con discapacidade e as súas familias. Por iso, adquiriuse o compromiso de facer todo o posible para normalizar progresivamente a situación.

A Xunta xa está a traballar coas entidades para retomar o resto de actividades que se ofrecen nun centro de día. Para iso, estáselles a ofrecer formación específica para todo o seu persoal, procederase á subministración centralizada de equipos de protección a través da plataforma Clonegal e cada centro deberá

- ▶ **Este servizo prestarase con todas as medidas de seguridade e hixiene necesarias**
- ▶ **A Administración autonómica permitirá retomar o resto de actividades unha vez finalice a formación específica do persoal, conte co material de protección axeitado e protocolos adaptados a cada centro e dea luz verde a autoridade sanitaria.**

preparar protocolos adaptados á súa propia realidade. Unha vez se cumpran esas condicións e a autoridade sanitaria dea o seu visto e praxe, os centros poderán retomar progresivamente o seu funcionamento.

Na reunión fíxose fincapé en que a Xunta de Galicia seguirá escoitando e estando ao carón

das persoas maiores e con discapacidade e das súas familias, pois aínda que se está extremando a prudencia e vixiando a evolución da pandemia, tamén se está a traballar para recuperar progresivamente uns servizos sociais que son imprescindibles no día a día destas persoas.

A Xunta avanza un apoio de máis de 16 millóns de euros para as familias usuarias de centros de día

- ▶ **Por prudencia, deberán permanecer coas súas actividades suspendidas ata que poidan retomar o funcionamento con todas as garantías, na liña do que decidiu a maioría das comunidades autónomas**
- ▶ **Todos os usuarios contarán cunha axuda de 500 euros ao mes, desde o inicio da emerxencia sanitaria e ata a reapertura dos centros, para financiar servizos profesionais de atención no domicilio**
- ▶ **As persoas que necesiten atención terapéutica especializada, de estimulación ou rehabilitación, poderán acceder a unha liña de axudas dun millón de euros**
- ▶ **As entidades que xestionan centros de día terán acceso a axudas para afrontar o 100% dos custos fixos mentres a súa actividade permaneza suspendida**

Todas as persoas usuarias de centros de día de maiores ou discapacidade e de centros ocupacionais poderán acceder a unha axuda de 500 euros ao mes, desde o inicio da emerxencia sanitaria e ata a posta en marcha dos centros, para financiar servizos profesionais de atención no domicilio.

Por outra banda, as persoas que necesiten atención terapéutica especializada, de estimulación ou rehabilitación, poderán

acceder a unha liña de axudas por un importe total dun millón de euros para financiar este tipo de terapias.

Para que as entidades que xestionan centros de día contén neste período coa seguridade financeira para afrontar as adaptacións necesarias, terán á súa disposición unhas axudas para afrontar o 100% dos seus custos fixos mentres a actividade permaneza suspendida.

Santiago de Compostela, 2 de xuño de 2020. O director xeral de Maiores e Persoas con discapacidade, Ildefonso de la Campa, trasladou aos centros de día de Galicia que as familias usuarias destes centros poderán beneficiarse de apoios de máis de 16 millóns de euros para garantir que as persoas dependentes contén cos coidados necesarios durante as vindeiras semanas.

Por prudencia, os centros de día deberán permanecer coas súas

actividades suspendidas ata que poidan retomar o funcionamento con todas as garantías, na liña do que decidiu a maioría das comunidades autónomas. Para iso, durante as vindeiras semanas ofrecerase a formación necesaria para os profesionais e organizarse a subministración a través da plataforma Clonegal. Os centros xa contan co plan de reactivación deseñado polo comité clínico que asesora á Xunta de Galicia e están a adaptarse ás súas esixencias.

Documentos relacionados:

- ▶ **A Xunta pon en marcha o blog 'O centro de día na casa', que permite aos usuarios manterse en contacto e activos**

<https://ocentrodedianacasa.igualdadebenestar.org/>

- ▶ **A Xunta publica as convocatorias para axudar aos centros de día e de atención á infancia no pagamento dos seus custos mentres permanezan pechados.**

<https://www.xunta.gal/notas-de-prensa/-/nova/49641/xunta-publica-convocatorias-para-axudar-aos-centros-dia-atencion-infancia-pagamento>

O Goberno central acepta as alegacións da Xunta e modifica a proposta de distribución dos fondos do 0,7% do IRPF

- ▶ A conselleira de Política Social participou na xuntanza do Consejo Territorial de Servicios Sociales y del sistema para la Autonomía y Atención a la Dependencia
- ▶ Segundo os novos criterios de repartición que coinciden co que reclamou a Comunidade Autónoma, as entidades sociais de Galicia recibirían un incremento de máis do 22%, en lugar do 0,9% proposto inicialmente
- ▶ Recoñécese que Galicia recibe unha asignación menor á que lle correspondería se se aplicasen estritamente criterios obxectivos



A conselleira de Política Social participou na xuntanza do Consejo Territorial de Servicios Sociales y del Sistema para la Autonomía y Atención a la Dependencia

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2020. A conselleira de Política Social, Fabiola García, participou no Consejo Territorial de Servicios Sociales y del Sistema para la Autonomía y Atención a la Dependencia, presidido polo vicepresidente segundo do Goberno de España, Pablo Iglesias. Durante esta xuntanza, as comunidades autónomas analizaron a nova proposta de distribución dos fondos do 0,7% do Imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF), que modifica os criterios iniciais do Goberno central tendo en conta as alegacións formuladas pola Xunta de Galicia.

Os fondos derivados da caxa social do IRPF destínanse a financiar iniciativas das entidades sociais. Na proposta inicial do Goberno central, trasladada o 6 de maio, a asignación para a Comunidade Autónoma de Galicia

incrementábase respecto do ano pasado un 0,9%. Tras a reclamación trasladada pola Xunta, o Executivo central rectifica esta intención inicial e propón agora elevar a asignación de Galicia por riba do 22%.

Na nova formulación desta repartición —que deberá ser confirmada e elevada ao Consello de Ministros nas vindeiras semanas noutro Consejo Territorial—, outórgaselle máis peso á dispersión da poboación en cada territorio. O Goberno central recoñece tamén que Galicia está a recibir menos fondos dos que lle corresponderían se se aplicasen estritamente criterios obxectivos. Se o Consello de Ministros aprobase esta nova repartición, a Xunta de Galicia pasaría en 2020 a distribuír entre as entidades sociais 17,1 millóns de euros, en lugar dos 13,9 millóns asignados no ano 2019.

Incremento do Plan concertado

Durante a súa intervención, a conselleira reclamou tamén un incremento do Plan concertado, co que se financian os servizos sociais municipais, ante a carga de traballo que teñen os seus profesionais e que se verá incrementada nas vindeiras semanas

se asumen tamén a tramitación do Ingreso mínimo vital. Así mesmo, Fabiola García tamén incidiu na petición de flexibilidade na xestión dos 16.000 millóns de euros asignados ás comunidades autónomas, para poder responder ás necesidades extraordinarias do tecido social provocadas pola pandemia

Documentos relacionados:

- ▶ A Xunta fará unha consulta xurídica sobre a constitucionalidade do reparto do 0,7% do Imposto de Sociedades proposto polo Goberno central

<https://www.xunta.gal/notas-de-prensa/-/nova/48788/xunta-fara-unha-consulta-xuridica-sobre-constitucionalidade-reparto-0-7-impuesto>

- ▶ Consejo Territorial de Servicios Sociales y del Sistema para la Autonomía y Atención a la Dependencia

https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2019-3389#:~:text=El%20Consejo%20Territorial%20de%20Servicios%20Sociales%20y%20del,y%20Atenci%C3%B3n%20a%20las%20personas%20en%20situaci%C3%B3n%20

<https://politicassocial.xunta.gal/gl/temas/inclusion-social/servizos-sociais-comunitarios>

Actualidade

Abre o prazo de inscrición nos campamentos de verán da Xunta que contarán cun total de 6.872 prazas

- ▶ A proposta de actividades inclúe campamentos de verán, campos de voluntariado, e como novidade minicampamentos de cinco días e actividades nas residencias xuvenís de Lugo e Ourense
- ▶ Poderán participar mozas e mozos con necesidades especiais e ofértanse 132 prazas específicas para persoas con discapacidade de entre 11 e 40 anos
- ▶ Elaborouse un protocolo específico ante a Covid-19 no que se recollen medidas como a redución do aforo, o reforzo do persoal monitor e o incremento das medidas hixiénico sanitarias

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2020. - A conselleira de Política Social, Fabiola García, acompañada da directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cristina Pichel, presentou a campaña de verán para este 2020, que baixo o nome O verán que necesitas pon á disposición da mocidade,

6.872 prazas en diferentes actividades e campamentos de verán. A proposta de actividades, que comezarán na segunda quincena de xullo e se prolongarán ata comezos do mes de setembro, inclúe campamentos de verán, campos de voluntariado, e como novidade, minicampamentos e prazas en residencia xuvenís.

http://xuventude.xunta.es/images/accion_de_veran/2020/CAMPAMENTOS_2020.pdf



A conselleira de Política Social, Fabiola García, presentou a campaña de verán deste 2020

O *Diario Oficial de Galicia* (DOG) publica a orde que rexe a solicitude de praza para os campamentos en Galicia. Deste xeito, o prazo de solicitude terá unha duración de sete días hábiles. A conselleira destacou que o número de prazas é inferior á de anos anteriores debido á limitación do aforo establecido polas autoridades sanitarias por mor da covid-19, pero que se conseguiu acadar unha cifra relevante grazas á incorporación de instalación como as diferentes residencias de tempo libre de Galicia.

Entre as novidades deste ano está o incremento da variedade das actividades con campamentos de cociña no Centro Superior de Hostalaría de Galicia, campamentos vinculados ao ámbito aeronáutico, á tecnoloxía ou ao coidado do medio, a posibilidade de que entidades xuvenís e grupos de mozas e mozos poidan realizar actividades propias en residencias xuvenís de Lugo e Ourense e minicampamentos de cinco días, de luns a venres, en establecementos turísticos.

Así mesmo, Fabiola García sinalou que un ano máis poderán participar todas as mozas e mozos de Galicia con independencia

das súas capacidades ou necesidades especiais. Neste sentido, lembrou que existe unha convocatoria específica para as persoas con discapacidade de entre 11 e 40 anos dotada este ano con 132 prazas.

Protocolo específico

A conselleira asegurou que este programa pretende agradecer a nenos e pais o esforzo realizado durante os últimos meses de confinamento. Baixo o nome O verán que necesitas, esta campaña permitirá darlle ás familias un servizo de conciliación atendendo sempre as medidas de hixiene e seguridade que require a actual situación.

Por iso, esta decisión foi consensuada co Comité Clínico, o cal ve viable a súa realización sempre que se garantan as medidas establecidas polas autoridades sanitarias como a redución do aforo nas instalacións para garantir o distanciamento de 1,5 metros, o reforzo do persoal monitor, que permitirá traballar en grupos máis reducidos nas actividades e o incremento das medidas hixiénico sanitarias.



Abre o prazo de inscrición nos 29 campos de voluntariado que oferta a Xunta de Galicia este verán

- **Póñense á disposición dos maiores de 18 anos de Galicia un total de 348 prazas**
- **As actividades desenvolveranse baixo as medidas de prevención e seguridade ditadas polas autoridades sanitarias**

Santiago de Compostela, 24 de xuño de 2020.- Abre o prazo para inscribirse nun dos 29 campos de voluntariado que oferta a Xunta de Galicia dentro da campaña O verán que necesitas. Poranse á disposición dos maiores de 18 anos da comunidade un total de 348 prazas repartidas en campos adaptados ao novo escenario provocado pola crise sanitaria da Covid-19.

A situación provocada pola emerxencia sanitaria derivada da Covid-19 fai moi necesario ofertar á mocidade un recurso de educación non formal para o tempo de lecer. Os campos de voluntariado son actividades encamiñadas a favorecer e fomentar a convivencia, a tolerancia e a solidariedade. Polo tanto, permitiralles beneficiarse, coas máximas garantías de prevención e hixiene, dunha experiencia enriquecedora.

Así mesmo, este ano hai tres novidades principais nesta iniciativa: os campos serán de ámbito autonómico con prazas só para mozos e mozas de Galicia; a convivencia será dun máximo de 12 persoas participantes, máis o equipo técnico; e as actividades desenvolveranse baixo as medidas de prevención e seguridade ditadas polas autoridades sanitarias.

Desta maneira, das 348 prazas que oferta o Goberno galego, 108 encóntranse nos 9 campos de voluntariado que se celebrarán na provincia de Pontevedra; 96 distribúense entre as oito iniciativas que haberá na Coruña; e tanto en Lugo como en Ourense celebraranse seis campos, isto é, 72 prazas en cada provincia.

Nova oferta

Destes 29 campos de voluntariado, 12 deles son novos este ano. A provincia de Lugo contará con catro novas iniciativas: dúas baixo o nome *Os Campos do camiño*, un no municipio de Pallas de Rei e outro en Triacastela; Castro de Vilalonga, en Castro de Rei; e *Alejdrina Álvarez* en Ribas de Sil. A de Coruña terá tres novos: *A Ciadella*, no concello de Sobrado dos Monxes; *Encaixe no camiño*, en Camariñas; e o campo de voluntariado *Amigos*, en Boiro.

En Pontevedra os novos campos celebraranse en Lalín, baixo o nome de *Tradición en verde*; en Salvaterra de Miño, titulado Monte Castelo; e en Campo Lameiro, con *A Idade de Bronce*. Pola súa banda, Ourense poderá contar este ano con *O noso rural, a nosa historia*, en Ribadavia; e Pereiro, no Pereiro de Aguiar.

Como solicitar praza

O prazo desta convocatoria ábrese o 25 de xuño ás 16,00 h e pecharase 3 días antes do inicio de cada campo. As prazas serán adjudicadas, mentres existan vacantes, por orde de recepción. A solicitude presentárase mediante un formulario en liña, que estará

dispoñible na páxina web xuventude.xunta.es, onde se pode consultar toda a información sobre esta actividade. A cota de inscrición para todos os campos é de 110 euros; con desconto dun 25% por Carné Xove, familia numerosa ou monoparental.

<http://xuventude.xunta.es/component/k2/item/19260-campos-de-voluntariado-2020>



Documentos relacionados:

- **Orde do 9 de xuño de 2020 pola que se regula a oferta de prazas xuvenís dentro do programa Campaña de verán 2020 e se procede á súa convocatoria. (DOG nº 116, do 15.06.2020).**
https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20200615/AnuncioG0425-100620-0001_gl.pdf
- **Orde do 22 de xuño de 2020 pola que se regula o uso das residencias xuvenís dependentes desta consellería para favorecer, por parte de entidades xuvenís, a programación de actividades do ámbito do ocio e o tempo libre durante a Campaña de verán 2020 (código de procedemento BS304B). (DOG nº 127, do 29.06.2020).**
https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20200629/AnuncioG0425-230620-0001_gl.pdf
- **Recomendacións e medidas para o desenvolvemento das actividades de educación non formal, ocio educativo e tempo libre adaptadas á situación derivada da crise sanitaria do Covid-19**
<http://xuventude.xunta.es/component/k2/item/19162-recomendacions-e-medidas-para-o-desenvolvemento-das-actividades-de-educacion-non-formal-ocio-educativo-e-tempo-libre-adaptadas-a-situacion-derivada-da-crise-sanitaria-do-covid-19>

Actualidade

Días internacionais

Estes son os principais días internacionais observados actualmente polas Nacións Unidas.

Xaneiro

4 de xaneiro

- Día Mundial do Braille

24 de xaneiro

- Día Internacional da Educación

27 de xaneiro

- Día Internacional de
Comemoración Anual en
Memoria das Vítimas do
Holocausto

Febreiro

6 de febreiro

- Día Internacional de Tolerancia
Cero coa Mutilación Xenital
Feminina

11 de febreiro

- Día Internacional da Muller e a
Nena na Ciencia

20 de febreiro

- Día Mundial da Xustiza Social

Marzo

1 de marzo

- Día da cero Discriminación
(ONUSIDA)

8 de marzo

- Día Internacional da Muller

20 de marzo

- Día Internacional da Felicidade

21 de marzo

- Día Internacional da Eliminación
da Discriminación Racial

- Día Mundial da Síndrome de
Down

24 de marzo

- Día Internacional do Dereito
á Verdade en Relación con
Violacións Graves dos Dereitos

Humanos e da Dignidade das
Vítimas

25 de marzo

- Día Internacional do Recordo
das Vítimas da Escravitude e a
Trata Transatlántica de Escravos

Abril

2 de abril

- Día Mundial de Concienciación
sobre o Autismo

6 de abril

- Día Internacional do Deporte
para o Desenvolvemento e a
Paz

7 de abril

- Día Mundial da Saúde

28 de abril

- Día Mundial da Seguridade e
Saúde no Traballo

29 de abril

- Día de Conmemoración de
todas as vítimas da guerra
química

Maio

15 de maio

- Día Internacional da Familia

21 de maio

- Día Mundial da Diversidade
Cultural para o Diálogo e o
Desenvolvemento

29 de maio

- Día Internacional do Persoal de
Paz das Nacións Unidas

Xuño

1º de xuño

- Día Mundial das Nais e os Pais

4 de xuño

- Día internacional dos Nenos
Vítimas Inocentes de Agresión

12 de xuño

- Día Mundial contra o Traballo
Infantil

13 de xuño

- Día Internacional de
Sensibilización sobre o
Albinismo

14 de xuño

- Día Mundial do Doador de
Sangue

15 de xuño

- Día Mundial de Toma de
Conciencia de Abuso e
Maltrato na Vellez

19 de xuño

- Día Internacional para a
Eliminación da Violencia Sexual
nos Conflitos

20 de xuño

- Día Mundial dos Refuxiados

23 de xuño

- Día Internacional das Viúvas

25 de xuño

- Día da Xente do Mar

26 de xuño

- Día Internacional en Apoio das
Vítimas da Tortura

- Día Internacional da Loita
contra o Uso Indevido e o
Tráfico Ilícito de Drogas

Xullo

2 de xullo (primeiro sábado de
xullo)

- Día Internacional das
Cooperativas

11 de xullo

- Día Mundial da Poboación

15 de xullo

- Día Mundial das Habilidades
da Xuventude

18 de xullo

- Día Internacional de Nelson
Mandela

30 de xullo

- Día Internacional da Amizade
- Día Mundial contra a Trata

Agosto

12 de agosto

- Día Internacional da Xuventude

19 de agosto

- Día Mundial da Asistencia
Humanitaria

23 de agosto

- Día Internacional do Recordo
da Trata de Escravos e da súa
Abolición

30 de agosto

- Día Internacional das Vítimas
de Desaparicións Forzadas

Setembro

5 de setembro

- Día Internacional da
Beneficencia

8 de setembro

- Día Internacional da
Alfabetización

10 de setembro

- Día Mundial para a Prevención
do Suicidio

15 de setembro

- Día Internacional da
Democracia

21 de setembro

- Día Internacional da Paz

Outubro

1 de outubro

- Día Internacional das Persoas de Idade

2 de outubro

- Día Internacional da non Violencia

10 de outubro

- Día Mundial da Saúde Mental

11 de outubro

- Día Internacional da Nena

15 de outubro

- Día Internacional das Mulleres Rurais

16 de outubro

- Día Mundial da Alimentación

17 de outubro

- Día Internacional para a Erradicación da Pobreza

24 de outubro

- Día das Nacións Unidas

24 de outubro

- Día Mundial de Información sobre o Desenvolvemento

Novembro

10 de novembro

- Día Mundial da Ciencia para a Paz e o Desenvolvemento

16 de novembro

- Día Internacional para a Tolerancia

20 de novembro

- Día Universal do Neno

25 de novembro

- Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller

29 de novembro

- Día Internacional de Solidariedade co Pobo Palestino

Decembro

1 de decembro

- Día Mundial da Loita contra a Sida

2 de decembro

- Día Internacional para a Abolición da Escravitude

3 de decembro

- Día Internacional das Persoas con Discapacidade

5 de decembro

- Día Internacional dos Voluntarios

9 de decembro

- Día Internacional para a Conmemoración e Dignificación das Vítimas do Crime de Xenocidio e para a Prevención dese Crime

9 de decembro

- Día Internacional contra a Corrupción

10 de decembro

- Día dos Dereitos Humanos

18 de decembro

- Día Internacional do Migrante

20 de decembro

- Día Internacional da Solidariedade Humana

<http://www.un.org/es/events/populationday/>



Día Mundial de la Población

11 de xullo

<http://www.un.org/es/events/youthskillsday/index.shtml>



Día Mundial de las Habilidades de la Juventud

15 de xullo

<http://www.un.org/es/events/friendshipday/>



Día Internacional de la Amistad

30 de xullo

<http://www.un.org/es/events/humantrafficking/>



Día Mundial contra la Trata

30 de xullo

<http://www.un.org/es/events/youthday/>



Día Internacional de la Juventud

12 de agosto

<http://www.un.org/es/events/humanitarianday/>



Día Mundial de la Asistencia Humanitaria

19 de agosto

Estatísticas

Situación de Covid-19 en España e Galicia

A Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade informa que, na última actualización, o número de casos activos de coronavirus en Galicia é de 313, deles 70 son da área da Coruña, 52 da de Lugo, 20 da de Ourense, 10 da de Pontevedra, 128 da área de Vigo, 23 da de Santiago, e 10 da de Ferrol.


Do total de pacientes positivos, 3 están en unidades de hospitalización e 310 no domicilio. Non hai pacientes positivos en UCI. Polo de agora, en Galicia hai un total de 10.633 persoas curadas, rexistrándose 619 falecementos.

O número de PCR realizadas é de 185.374.

	Total Galicia	Dentro do total, vinculados con centros residenciais
Número de casos	313	0 (usuarios) 1 (profesionais)
Falecementos	619	132 (en residencias) 142 (en hospitais e residencias integradas)


Fonte: <https://saladecomunicacion.sergas.gal/Paginas/ListaxeNovas.aspx>

A evolución dos casos de coronavirus detectados en Galicia, activos e acumulados son as seguintes:



<https://saladecomunicacion.sergas.gal/Paginas/ListaxeNovas.aspx>

CORONAVIRUS




Casos de Covid-19 confirmados totales, diagnosticados o día previo, diagnosticados nos últimos 14 días, hospitalizados, ingresados en UCI e falecidos desagregados por Comunidades Autónomas:

	Casos totales	Casos diagnosticados o día previo	Casos diagnosticados nos últimos 14 días		Hospitalizados	Ingresos UCI	Falecidos
			nº	casos diagnosticados/ 100.000 habitantes			
Andalucía	13.102	9	264	3,14	6.332	791	1.427
Aragón	6.330	10	450	34,11	2.712	274	912
Principado de Asturias	2.435	0	0	0,00	1.117	129	334
Illas Baleares	2.209	4	46	4,00	1.172	169	224
Canarias	2.427	0	45	2,09	953	185	162
